

Profesional de oficio de 2ª: 622,66 euros.
 Chofer transporte pesado 1ª: 665,55 euros.
 Chofer transporte lixeiro 2ª: 622,66 euros.

-Grupo IX: oficiais de 3ª e especialistas:
 Mozo especializado: 622,66 euros.
 Profesional de oficio de 3ª: 622,66 euros.
 Limpador/a: 554,60 euros.

Posteriormente, de acordo co preceptuado no artigo 7 do convenio que establece que para o ano 2005, aplicarase un incremento salarial do IPC real o 31 de decembro de 2004 máis 0,5 puntos sobre a táboa salarial anexa, o complemento de transporte urbano e as axudas de custo, procédese a incrementar a táboa salarial, o complemento de transporte urbano e as axudas de custo o 3,7%.

Tabla salarial año 2005

-Grupo I: enxeñeiros, licenciados e dirección:
 Director xeral de empresa: 1.101,99 euros.
 Titulado de grao superior: 990,72 euros.

-Grupo II: enxeñeiros técnicos, peritos e axudantes titulados:
 Xerente de empresa: 1.090,90 euros.
 Titulado de grao medio: 823,75 euros.

-Grupo III: xefes administrativos e de taller:
 Xefe de departamento ou sección: 957,33 euros .
 Encargado de departamento ou sección: 734,67 euros.

-Grupo V: oficiais administrativos:
 Oficial de contabilidade: 756,97 euros.
 Oficial administrativo e informático: 734,67 euros.
 Vendedor viaxante-axente comercial: 734,67 euros.
 Dependente de atención ao público: 690,18 euros.

-Grupo VII: auxiliares administrativos:
 Auxiliar administrativo: 690,18 euros.
 Axudante. administrativo: 634,49 euros.

-Grupo VIII: oficiais de 1ª e de 2ª:
 Profesional de oficio de 1ª: 690,18 euros.
 Profesional de oficio de 2ª: 645,70 euros.
 Chófer transporte pesado 1ª: 690,18 euros.
 Chófer transporte lixeiro 2ª: 645,70 euros.

-Grupo IX: oficiais de 3ª e especialistas:
 Mozo especializado: 645,70 euros.
 Profesional de oficio de 3ª: 645,70 euros.
 Limpador/a: 575,12 euros.
 Complemento de transporte urbano (ano 2005):
 2,68 euros/día efectivo.
 Axudas custo (ano 2005):
 Completa: 32,04 euros.
 Media: 8,54 euros.

E sen mais puntos que tratar, levántase a sesión cando son as 18.00 horas, no mesmo lugar e data establecido ao inicio, levantándose para o efecto esta acta que, en proba de conformidade, asinan todos os asistentes.

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

Resolución do 9 de maio de 2005 pola que se fan públicas as bases reguladoras das axudas do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) ás pequenas e medianas empresas para a elaboración de diagnósticos empresariais.

Con data do 28 de marzo de 2005 o Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) aprobou as bases reguladoras das axudas ás pequenas e medianas empresas para a elaboración de diagnósticos empresariais.

Para os efectos do seu xeral coñecemento e en virtude das facultades que teño conferidas mediante o artigo 12 a) da Lei 5/1992, do 10 de xuño, de creación do Instituto Galego de Promoción Económica e do artigo 11.1º a) do Decreto 317/1992, do 12 de novembro, polo que se aproba o regulamento do Igape

RESOLVO:

Único.-Publicar as bases reguladoras das axudas do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) ás pequenas e medianas empresas para a elaboración de diagnósticos empresariais, aprobadas polo Consello de Dirección do instituto na súa reunión do 28 de marzo de 2005, as que figuran como anexo I á presente resolución.

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2005.

Margarita Rodríguez Rama
 Directora xeral do Instituto Galego
 de Promoción Económica

ANEXO I

Bases reguladoras das axudas do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) ás pequenas e medianas empresas para a elaboración de diagnósticos empresariais.

Base 1ª.-Iniciativas obxecto de apoio.

1.1. É obxecto destas bases a regulación dos apoios do Igape á elaboración de diagnósticos empresariais, entendidos como unha análise profunda e rigorosa da empresa solicitante. Neste campo o Igape:

a) Poderá conceder subvencións a fondo perdido aos custos de elaboración de diagnósticos empresariais.

b) Poderá prestar asistencia técnica na elaboración de autodiagnósticos empresariais, mediante a utilización de ferramentas informáticas específicas desenvolvidas polo Igape.

1.2. Para poder ser subvencionables os diagnósticos poderán referirse a un dos seguintes alcances:

1.2.1. Integral, é dicir, analizando a empresa no seu conxunto (segundo o contido do anexo IV).

1.2.2. Análise da capacidade de internacionalización da empresa (segundo o contido do anexo V).

En todo caso deberán cubrir os contidos mínimos da análise establecidos no modelo telemático normalizado de solicitude, e que figuran como anexo V a estas bases.

1.3. Os incentivos regulados nestas bases incardínanse no ámbito do último parágrafo do número 1 do artigo 78 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, na redacción establecida pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo, constituíndo o contido destas bases a súa normativa de aplicación.

Base 2ª.-Beneficiarios.

2.1. Poderán presentar as súas solicitudes as pequenas e medianas empresas (pemes) segundo definición da Comisión Europea feita pública para efectos do Igape mediante Resolución do 27 de decembro de 2004, DOG nº 11, do 18 de xaneiro de 2005, que cumpran os seguintes requisitos:

a) Teñan radicado o centro da súa actividade ou algún centro de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Estean ao día das súas obrigas coa Facenda Pública, coa Comunidade Autónoma de Galicia e coa Seguridade Social.

c) Teñan 5 ou máis de 5 empregados por conta allea.

d) Teñan encargado o traballo que se van realizar a unha empresa de consultoría que se comprometa a revisalo e adaptalo co fin de que poida ser validado polo instituto. Esta condición acreditarase segundo o modelo establecido no anexo II destas bases.

2.2. As pemes que resultasen beneficiarias de calquera programa de axuda do Igape para a elaboración de diagnósticos empresariais só poderán ser beneficiarias das axudas previstas na presente base no caso de que transcorresen máis de 3 anos desde a conformidade do Igape co diagnóstico realizado.

Base 3ª.-Conceptos subvencionables.

Serán subvencionables os custos de consultoría para a elaboración do diagnóstico nos cales incorrese o beneficiario con posterioridade á presentación da súa solicitude de axuda, sempre e cando cumpran o establecido na base 9.1.

Base 4ª.-Intensidade da axuda.

Sempre que se considere xustificada a necesidade de elaboración do diagnóstico, os proxectos aprobados acadarán, con carácter xeral, unha subvención do 70% do seu custo, excluindo o IVE, podendo

acadar ata o 90% de subvención con suxeición ao réxime de mínimos nos seguintes casos:

a) Empresas que desenvolvan algunha das actividades económicas establecidas no anexo III.

b) Empresas de carácter familiar, entendendo por tales aquelas en que máis do 50% do seu capital social estea en posesión da mesma familia.

c) Empresas de carácter cooperativo ou baixo outras fórmulas de economía social.

En ningún caso a subvención acadada superará os 6.000 € por diagnóstico.

Base 5ª.-Tramitación.

5.1. Para presentar unha solicitude de axuda os interesados deberán cubrir previamente un modelo telemático normalizado descritivo das circunstancias do solicitante e do proxecto a través da aplicación de axuda establecida no enderezo da internet <http://www.tramita.igape.es>. A fin de prestar asistencia para cubrir o modelo telemático normalizado, o Igape pon á disposición dos interesados o seu servizo de asistencia técnica, cun sistema de cita previa concertada a través do mencionado enderezo da internet ou dos números de teléfono 902 30 09 03 ou 981 54 11 47, ou os que en cada momento se establezan para esta finalidade.

Deberanse cubrir necesariamente todos os campos do modelo establecidos como obrigatorios, tras o cal a aplicación emitirá un identificador de documento electrónico (IDE) que identificará univocamente o modelo telemático normalizado.

Este IDE estará composto de 40 caracteres alfanuméricos e obterase mediante o algoritmo estándar de extractado SHA-1 160 bits a partir do documento electrónico xerado pola aplicación de axuda citada anteriormente.

5.2. As solicitudes de axuda presentaranse mediante a instancia normalizada que se xunta como anexo I, nas cales será obrigatorio a inclusión dos 40 caracteres alfanuméricos do IDE obtido no paso anterior. As solicitudes que carezan do IDE ou nas cales este sexa erróneo (sexo porque ten un formato erróneo ou porque non foi xerado pola aplicación de axuda) serán devoltas sen tramitación. Así mesmo, xuntarase á solicitude o anexo II a estas bases.

5.3. O interesado presentará a instancia de solicitude co IDE no rexistro xeral dos servizos centrais do Igape, nas súas oficinas territoriais ou a través dalgunha das formas recollidas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

5.4. Así mesmo, os interesados poderán asinar electronicamente o formulario de solicitude co IDE e presentalo no Rexistro Telemático da Xunta de Galicia.

Os solicitantes por esta vía telemática deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Será necesario que o asinante da solicitude teña a representación legal da empresa ou entidade solicitante. Esta representación deberá ser individual ou solidaria, de xeito que coa súa sinatura abonde para acreditar a vontade do solicitante.

b) O asinante deberá posuír un certificado dixital en vigor baixo a norma X.509 V3 válido tal e como específica a Orde do 25 de novembro do 2004 da Consellería de Economía e Facenda pola que se establecen as normas específicas sobre o uso da sinatura electrónica nas relacións por medios electrónicos, informáticos e telemáticos coa Consellería de Economía e Facenda e os seus organismos e entidades adscritas (DOG nº 239, do 10 de decembro de 2004). Os certificados de clase 2 CA emitidos pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda serán válidos para efectos de presentación de solicitudes. Se o certificado corresponde a unha persoa física, a súa representación acreditarase documentalmente durante a tramitación do expediente.

c) Unha vez asinado o formulario de solicitude co IDE, mediante certificación dixital do presentador, e transferidos estes ao Igape, procederase á anotación dunha entrada no Rexistro Telemático da Xunta de Galicia, creado polo Decreto 200/2003, do 20 de marzo.

d) No momento da presentación o rexistro expedirá, empregando as características da aplicación telemática, un recibo en que quedará constancia do feito da presentación, consonte o citado Decreto 200/2003.

e) Os interesados que cumpran os requisitos do alínea b) anterior, tamén poderán empregar a vía telemática para a recepción de notificacións do Igape e para o envío de escritos ao órgano xestor da axuda. Para a recepción de notificacións será preceptivo que o solicitante teña indicado no formulario normalizado a súa preferencia polo emprego da notificación telemática neste procedemento de axudas. Neste caso o solicitante deberá acceder á web do Igape na epígrafe tramitación telemática, para recibir as notificacións. O sistema solicitará do interesado o seu certificado dixital en vigor, e a sinatura electrónica dun xustificante de recepción das notificacións (xustificante de recepción telemático). Os efectos destas notificacións serán os establecidos no Real decreto 209/2003, do 21 de febreiro.

5.5. Os solicitantes poderán obter en todo momento un xustificante da recepción por parte do Igape dos termos da súa solicitude contidos no modelo telemático normalizado. Para iso utilizarán a aplicación establecida no enderezo da internet citado anteriormente, introducindo os 40 caracteres do IDE e o enderezo de correo electrónico en que desexan recibir o xustificante.

5.6. Instrución do procedemento.

5.6.1. A solicitude de axuda será avaliada polos servizos técnicos do Igape en función dos datos relativos ao proxecto declarados no modelo telemático normalizado descritivo do proxecto.

5.6.2. As modificacións da solicitude inicial deberán ser presentadas utilizando a aplicación de axuda para xerar un modelo telemático normalizado modificado, cuxo IDE será de obrigatoria inclusión no escrito de comunicación ao Igape das ditas aclaracións.

5.6.3. Proposta de resolución.

Unha vez emitido informe técnico polos servizos técnicos, o director da Área de Promoción elevará proposta de resolución motivada ao director xeral do Igape, quen resolverá por delegación do Consello de Dirección.

5.6.4. Resolución.

5.6.4.1. Na resolución de concesión de axuda faranse constar os importes da base subvencionable a xustificar, a contía e a porcentaxe da subvención concedida, as condicións e prazos de execución previstos no proxecto subvencionado, o prazo establecido para o cumprimento de todas as condicións da subvención, así como a obriga por parte do receptor da subvención de indicar en todo labor de difusión, publicidade ou análoga da actividade subvencionada, así como a mención expresa de que a dita actuación foi financiada polo Igape e, se é o caso, pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder).

5.6.4.2. As resolucións serán notificadas ao solicitante quen terá un prazo de quince días hábiles a partir do seguinte ao da súa notificación para a súa aceptación cubrindo a dilixencia que se anexe, así como a presentación da documentación (en orixinal ou copia cotexada) especificada na resolución de concesión, que con carácter xeral será a seguinte:

a) DNI do asinante da solicitude e da dilixencia de aceptación.

b) Poder de representación inscrito, se e o caso, no rexistro competente do asinante da solicitude e da dilixencia de aceptación.

c) Escritura de constitución e estatutos debidamente inscritos no rexistro competente e as súas modificacións posteriores.

d) Se é o caso, certificado de estar ao día nos pagamentos á Seguridade Social.

e) Calquera outra documentación necesaria para os efectos da liquidación que voluntariamente decida anticipar.

A aceptación por parte do interesado suporá a obriga de cumprir as condicións establecidas na reso-

lución, nestas bases e demais disposicións que sexan de aplicación.

5.6.4.3. Transcorrido o prazo de aceptación sen a recepción da dilixencia de aceptación ou da documentación requirida, o Igape terá o beneficiario por renunciado da axuda aprobada, procedendo ao arquivo do expediente, logo da resolución declarativa desta circunstancia.

5.6.4.4. O prazo máximo para ditar e notificar aos interesados a resolución do expediente será de tres meses contados desde o día seguinte ao da presentación do formulario de solicitude. Transcorrido este prazo sen ter recaído resolución expresa, o solicitante poderá ter por desestimada a solicitude.

Base 6ª.-Recursos.

6.1. As resolucións dos expedientes instruídos ao abeiro do disposto nestas bases esgotarán a vía administrativa, polo que, de conformidade co previsto na Lei da xurisdición contencioso-administrativa, poderase interpoñer contra elas recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses contados desde o seguinte ao da súa notificación.

6.2. Potestativamente e con anterioridade á interposición do recurso contencioso-administrativo, poderase interpoñer no prazo dun mes desde o día seguinte ao da recepción da notificación da resolución, recurso de reposición, que resolverá o Consello de Dirección do Igape.

Base 7ª.-Obrigas dos beneficiarios.

7.1. Son obrigas dos beneficiarios:

a) Executar o proxecto subvencionado dentro dos prazos máximos que se establezan na respectiva resolución de concesión con cumprimento das condicións e prescricións establecidas nela, nas presentes bases ou demais normativa de aplicación. En casos xustificadas, os prazos poderán ser prorrogados de oficio ou por instancia do interesado.

b) Acreditar ante o Igape a realización do custo subvencionado, presentando toda a documentación xustificativa da realización do proxecto nos termos establecidos na resolución de concesión e o cumprimento das condicións se é o caso impostas. Os custos incorridos polo beneficiario deberán ser xustificadas mediante a presentación de facturas orixinais e xustificantes de pagamento efectivo destas emitidos por entidades financeiras, non admitíndose pagamentos en efectivo, salvo para importes inferiores aos 3.000 € por provedor.

c) Acreditar coa solicitude de cobramento que se está ao día das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración

pública da comunidade autónoma, na forma determinada regulamentariamente e sen prexuízo do establecido na disposición adicional décimo oitava da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

d) No caso de cofinanciamento europeo, dar a adecuada publicidade deste cofinanciamento, nos termos que resulten da resolución de concesión.

e) Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará o órgano concedente ou calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, e achegar canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores. Estas actividades de comprobación poderán ser entre outras:

-Visitas ás instalacións nas cales se realizou o proxecto.

-Acceso a toda a documentación relacionada co proxecto.

-Acceso aos rexistros internos da empresa, nos cales se basean as xustificacións técnicas e administrativas.

f) Comunicarlle ao Igape a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza, e en todo caso coa solicitude de aboamento da subvención. O importe da subvención non poderá en ningún caso ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, supere o custo do proxecto subvencionado ou as porcentaxes máximas de subvención establecidas na base 4ª.

g) Dispoñer, se é o caso, dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan exixidos na resolución de concesión.

h) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control; isto é por non ter prescrito o prazo de 5 anos desde o cumprimento de condicións, sen prexuízo dos prazos específicos que se establezan en virtude da normativa da UE no control da aplicación de fondos comunitarios.

i) Adoptar as medidas de difusión da concesión da axuda ou subvención que sexan establecidas na resolución.

j) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos recollidos na base 10ª.

7.2. O incumprimento das citadas obrigas poderá dar lugar á revogación da concesión e, se é o caso, ao reintegro do indebidamente percibido e aos seus xuros de demora.

Base 8ª.-Incidencias e modificacións do proxecto.

8.1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos, nacionais ou internacionais poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión ou á súa revogación, no caso de considerarse que a modificación afecta un aspecto substancial da concesión.

8.2. Os beneficiarios quedan obrigados a comunicarlle ao Igape calquera circunstancia ou eventualidade que poida afectar substancialmente a execución dos fins para os que foron concedidas as ditas axudas. En particular, deberá remitir unha declaración complementaria das axudas recibidas para o mesmo proxecto.

8.3. En caso de modificación do proxecto aprobado, o beneficiario da axuda poderá solicitar, motivadamente, a modificación da resolución.

8.4. O director xeral do Igape poderá acordar a modificación da resolución por instancia do beneficiario, debendo cumprirse os seguintes requisitos:

a) Que a actividade, conduta ou modificación do proxecto estea comprendida dentro da finalidade das normas ou bases reguladoras.

b) Que a modificación non cause prexuízo a terceiros.

c) Que os novos elementos e circunstancias que motiven a modificación de ter concurrido na concesión inicial, non supuxesen a denegación da subvención.

8.5. O acto polo que se acorde a modificación da resolución de concesión ou, se é o caso, a súa denegación, será ditado polo órgano concedente, unha vez instruído o correspondente expediente no cal se dará audiencia aos interesados. Non obstante, poderase prescindir deste trámite de audiencia cando non figuren no procedemento, nin se teñan en conta na resolución, outros feitos, alegacións ou probas que as aducidas polos interesados.

Base 9ª.-Xustificación e aboamento das subvencións.

9.1. A xustificación ante o Igape da execución do diagnóstico e do cumprimento de todas as condicións establecidas na resolución de concesión, será realizada polo beneficiario como máximo dentro dos dous meses seguintes ao vencemento do prazo de vixencia establecido na resolución de concesión

(prazo máximo de execución do diagnóstico), mediante a achega do estudo diagnóstico completo, o cal terá que ser validado na súa metodoloxía e contidos polos servizos técnicos do Igape, comprometéndose, tanto a empresa beneficiaria como a consultora que realizará os traballos, a completar o seu contido segundo as indicacións establecidas polos servizos técnicos do Igape. A empresa de consultoría que realizará os traballos de diagnóstico comprometerase igualmente a non entender concluído o seu traballo en canto o diagnóstico non sexa conforme segundo os estándares técnicos establecidos polo Igape.

9.2. Dado que a resolución de concesión de axuda é ditada de acordo coas declaracións relativas ao proxecto contidas na solicitude, en trámite de xustificación deberá acreditarse documentalmente o cumprimento dos extremos declarados, mediante a presentación da solicitude de cobramento normalizada, anexo VI, e a documentación en orixinal ou copia cotexada que para tal efecto se especifique na resolución de concesión. Advírtese que calquera discrepancia entre a documentación xustificativa e as declaracións da solicitude de axuda poderá ser motivo de inicio de expediente de incumprimento que, se é o caso, poderá comportar a modificación ou revogación da concesión e o reintegro das cantidades previamente aboadas, nos termos establecidos na base 10ª.

9.3. No caso de que existan razóns xustificadas para o atraso no cumprimento de condicións, os prazos de execución que se establezan na resolución, poderán ser ampliados de oficio ou por instancia do beneficiario mediante resolución expresa e motivada.

9.4. Unha vez que o Igape considere válido o contido do diagnóstico elaborado pola consultora, procederá á notificación de tal extremo ao beneficiario da axuda, habilitando un período final de dous meses contados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación, para o pagamento polo beneficiario á consultora e presentación ao Igape da solicitude de cobramento.

9.5. Sen necesidade de instar procedemento de incumprimento ou modificación da subvención, o Igape poderá aceptar minoracións na base subvencionable aprobada, sempre que non desvirtúen as características do proxecto e condicións que fosen tidas en conta para resolver a concesión.

9.6. De acordo co disposto no artigo 35 f) da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, non será necesario presentar a documentación que xa se atope en poder do Igape, sempre que se manteña vixente e se identifique o procedemento administrativo para o que foi presentada. No suposto de imposibilidade material de obter a documentación ou no caso de que se constate a non validez desta,

o órgano competente poderá requirirille ao solicitante a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento.

9.7. O aboamento das subvencións realizarase unha vez que o Igape considere xustificada a realización do diagnóstico segundo as especificacións sinaladas, tras a recepción das facturas e xustificantes de pagamento, que se anexarán á solicitude de cobramento. Poderase solicitar o cobramento mediante a presentación do anexo IV a estas bases.

Base 10ª.-Incumprimento.

10.1. Non se poderá exixir o pagamento da subvención concedida e procederá a revogación da axuda e se é o caso o reintegro total ou parcial da contía percibida e os xuros de demora devengados desde o seu pagamento, nos casos seguintes:

a) Incumprimento da obriga de xustificación ou xustificación insuficiente segundo os termos contidos nas presentes bases.

b) Obtención da subvención sen reunir os requisitos exixidos para a súa concesión, falseando as condicións requiridas para isto ou ocultando aquelas que o impedisen.

c) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, actividade, proxecto ou non adopción do comportamento que fundamentou a concesión da subvención.

d) Incumprimento das condicións impostas aos beneficiarios con motivo da concesión da axuda ou subvención pública, así como dos compromisos por estes asumidos, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se deben acadar os obxectivos, realizar a actividade, executar o proxecto ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención, ou daqueles distintos dos anteriores, cando disto se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade ou regularidade das actividades subvencionadas ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

e) Incumprimento de adoptar as medidas de difusión que se impuxesen na resolución de concesión.

f) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro desempeñadas pola Administración ou calquera dos seus órganos, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando disto derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o incumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para

a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público, nacionais, da Unión Europea, ou de organismos internacionais.

g) A adopción, en virtude do establecido nos artigos 87 a 89 do Tratado da Unión Europea, dunha decisión da cal derive unha necesidade de reintegro.

h) Nos demais casos previstos na normativa reguladora da subvención.

10.2. Igualmente procederá o reintegro do exceso percibido nos supostos en que o importe da subvención, illadamente ou en concorrencia coas subvencións ou axudas doutras administracións ou doutras entidades públicas, supere o custo do proxecto ou as porcentaxes máximas de axuda establecidas nestas bases, segundo o establecido na base 4ª.

10.3. O procedemento de incumprimento será iniciado de oficio polo órgano do Igape que ditou a resolución de concesión, ben por iniciativa propia, logo de informe dos servizos do Igape competentes na xestión ou liquidación dos expedientes, ou como consecuencia das actuacións de control da Intervención Xeral, por petición razoada doutros órganos que teñan atribuídas facultades de comprobación na materia ou por denuncia, mediante a comunicación ao beneficiario das presuntas causas determinantes do incumprimento e as súas posibles consecuencias. Os interesados poderán, en calquera momento do procedemento anterior ao trámite de audiencia, aducir alegacións ou achegar documentos e outros elementos de xuízo.

10.4. Incumprimento parcial. Sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais tomadas en conta na concesión das axudas, o Igape poderá apreciar un incumprimento parcial, debendo resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivese a condición incumplida na resolución de concesión, e, se é o caso, establecendo a obriga de reintegro do indebidamente percibido e os seus xuros de mora.

10.5. Instruído o procedemento, e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, poñeráse de manifesto aos interesados que disporán dun prazo de quince días para alegar e presentar os documentos e xustificacións que coiden pertinentes. Poderase prescindir deste trámite cando non figuren no procedemento nin se teñan en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións ou probas que as aducidas polo interesado.

10.6. Presentadas as alegacións ou transcorrido o prazo de quince días sen contestación por parte do beneficiario, o director xeral do Igape ditará a resolución que proceda, pronunciándose sobre o alcance do incumprimento e, se é o caso, a obriga de reintegro das cantidades percibidas.

10.7. O prazo máximo para resolver e notificar os procedementos sobre incumprimento será de seis meses computados desde o acordo de iniciación. Se

pasado este prazo non se notificase a resolución entenderase caducado o procedemento, sen prexuízo de que se notifique a resolución declarando esta circunstancia de caducidade e ordenando o arquivo de actuacións, cos efectos previstos no artigo 92 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, procedéndose a incoar novo expediente en canto non prescriba o dereito a iso.

10.8. O reintegro voluntario polo interesado, en calquera momento anterior á proposta de resolución, producirá a terminación do procedemento, sen prexuízo de que se dite resolución pola que se declare a dita circunstancia e da iniciación do procedemento sancionador cando os feitos que motivaron o procedemento de reintegro puidesen ser constitutivos de infracción administrativa segundo o establecido na Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e no Decreto 287/2000 que a desenvolve en materia de axudas e subvencións.

10.9. A declaración xudicial ou administrativa de nulidade ou anulabilidade da resolución de concesión por concorreren as causas previstas nos artigos 62 e 63 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, levará consigo a obriga de devolver as cantidades percibidas. Non procederá a revisión de oficio do acto de concesión cando conorra causa de reintegro.

10.10. As cantidades que se deban reintegrar terán a consideración de ingresos de dereito público, resultando de aplicación para o seu cobramento o previsto nos artigos 19 e 23 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Base 11ª.-Incompatibilidade.

As axudas previstas nestas bases serán incompatibles con aquelas outras reguladas polo Igape.

Base 12ª.-Informes.

Para os efectos de configurar unha base de datos autonómica sobre axudas e subvencións públicas, segundo o establecido na disposición adicional terceira do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, o Igape remitiralle á Consellería de Economía e Facenda a información sobre a xestión das axudas establecidas nestas bases.

Base 13ª.-Restricións ao dereito de acceso a arquivos e rexistros.

En virtude do establecido no artigo 37 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, e para a necesaria protección do segredo comercial ou industrial dos solicitantes das axudas reguladas nestas bases, entenderase excluído o dereito de acceso a arquivos

e rexistros administrativos respecto dos datos contidos no expediente que polo seu contido deban ter este mesmo tratamento.

Base 14ª.-Control e comprobación das axudas.

14.1. As axudas establecidas nestas bases poderán ser cofinanciadas co fondo Feder da Unión Europea.

14.2. Sen prexuízo da comprobación material previa ao pagamento, da realidade dos gastos subvencionados que proceda, anualmente elaborárase en coordinación coa Intervención Xeral da Comunidade Autónoma un plan de comprobación de axudas e subvencións, cos criterios que para tal efecto se establezan.

14.3. Así mesmo, as empresas beneficiarias soméntense ás actuacións de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, ás previstas na lexislación do Consello de Contas e do Tribunal de Contas, así como ás que poida efectuar, se é o caso, a comisión e o Tribunal de Contas das Comunidades Europeas, no suposto de cofinanciamento das axudas con fondos europeos. Neste sentido, os beneficiarios teñen a obriga de facilitar toda a información que lles sexa requirida polos ditos organismos.

Base 15ª.-Interpretación.

Correspóndelle ao director xeral do Igape a facultade de ditar as disposicións necesarias para a aplicación das axudas previstas nestas bases, así como para resolver as dúbidas concretas que se susciten na súa aplicación.

Base 16ª.-Vixenxia e créditos dispoñibles.

16.1. Estas bases entrarán en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, podéndose presentar solicitudes de axuda en canto non se derroguen expresamente e ata o límite de crédito dispoñible. O crédito para as resolucións que se diten durante o exercicio 2005 é de 449.612 euros con cargo á aplicación orzamentaria 01.02.11/01/02.651700.

En anualidades sucesivas este límite será obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia*, limitándose a concesión das axudas ás dispoñibilidades orzamentarias.

16.2. No caso dos expedientes que non puidesen ser resoltos favorablemente por falta de crédito, unha vez habilitado no exercicio seguinte, os solicitantes poderán reiterar a súa solicitude, computándose a data da primeira solicitude para os efectos de realización das actuacións subvencionables.

Base 17ª.-Silencio administrativo.

As solicitudes que non fosen resoltas nos prazos que para cada caso se establecen nestas bases poderán considerarse desestimadas.

ANEXO I



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
 E FACENDA



PROCEDEMENTO AXUDAS ÁS PEMES PARA A ELABORACIÓN DE DIAGNÓSTICOS EMPRESARIAIS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO EC522A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

ENTIDADE		NIF	
ACTIVIDADE	CORREO ELECTRÓNICO		
NOME E APELIDOS DO REPRESENTANTE LEGAL		DNI	
DOMICILIO POSTAL DA ENTIDADE			CÓDIGO POSTAL
LOCALIDADE	PROVINCIA	TELEFONO	FAX

SOLICITUDE PARA (UTILIZAR SÓ UN FORMULARIO PARA CADA SOLICITUDE)

AXUDAS ÁS PEQUENAS E MEDIANAS EMPRESAS PARA A ELABORACIÓN DE DIAGNÓSTICOS EMPRESARIAIS

NON DEBE ENTREGAR NINGUNHA FOLLA Á PARTE DESTA SOLICITUDE, E DEBE INDICAR A CONTINUACIÓN, DE FORMA OBRIGATORIA, O IDENTIFICADOR DE DOCUMENTO ELECTRÓNICO (IDE) OBTIDO DA APLICACIÓN DE AXUDA PARA CUBRIR AS DE SOLICITUDES, E O SEU CÓDIGO DE COMPROBACIÓN.

IDENTIFICADOR DE DOCUMENTO ELECTRÓNICO (IDE) - 40 DÍXITOS ALFANUMÉRICOS - SHA 1 160 BITS	CÓDIGO DE COMPROBACIÓN
--	------------------------

O solicitante declara ter obtido nos servizos web do IGAPE (<http://tramita.igape.es>) un documento electrónico cuxo identificador de documento electrónico (IDE) aparece no cadro anterior. O contido deste documento forma, para todos os efectos, parte integrante da presente solicitude.

DESEXO QUE AS NOTIFICACIÓNS DO IGAPE ACERCA DESTA EXPEDIENTE SE EFECTÚEN POR VÍA TELEMÁTICA.

Para utilizar esta opción debe dispor de certificado dixital que cumpra o especificado nas bases desta convocatoria. O IGAPE enviará un aviso ao enderezo de correo indicado, e o asinante da solicitude deberá recoller a notificación formal no enderezo de Internet <http://tramita.igape.es>, logo de identificación mediante certificado.

LEGISLACIÓN APLICABLE <i>Resolución do 9 de maio de 2005 pola que se fan públicas as bases reguladoras das axudas do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) ás pequenas e medianas empresas para a elaboración de diagnósticos empresariales.</i>
_____ de _____ de _____ SINATURA E SELO
D/Dª: _____ O REPRESENTANTE LEGAL

ESPAZO RESERVADO PARA A ADMINISTRACIÓN SELO DE REXISTRO DE ENTRADA
Nº EXPEDIENTE _____

Director xeral do Igape

Os datos recollidos nesta instancia pasarán a formar parte dos ficheiros automatizados do Igape. A empresa ou entidade solicitante autoriza expresamente o Igape, de acordo co establecido no artigo 11 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, a ceder os datos de carácter persoal incluídos na súa solicitude, a aquelas entidades coas que o Instituto colabore para os efectos de tramitar o correspondente expediente administrativo. Poderanse exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Dirección Xeral do Igape, Complexo Administrativo de San Lázaro, s/n. 15703 Santiago de Compostela.

ANEXO II

COMPROMISO DE REALIZACIÓN DO DIAGNÓSTICO EMPRESARIAL
(para cubrir pola empresa de consultoría)

Empresa que se vai diagnosticar:

CIF:

Sector de actividade (código IAE ou CNAE a 3 díxitos):

Consultora que realizará o traballo:

CIF da consultora:

Importe (IVE excluído):

ALCANCE: (só unha resposta)

Diagnóstico integral

Diagnóstico da capacidade de internacionalización da empresa

COMPROMISO DE REVISIÓN E ADAPTACIÓN DO TRABALLO.

A consultora que subscribe a presente memoria declara coñecer as bases reguladoras do Igape para a elaboración de diagnósticos empresariais e consecuentemente con elas comprométese:

1. A realizar os traballos de análise e conclusións co contido mínimo citado no anexo, segundo o alcance definido, e a completalos segundo as indicacións que poidan ser facilitadas polos servizos técnicos do Igape.

2. A non exixirle o pagamento ao seu cliente (empresa que se vai diagnosticar) en canto o diagnóstico non sexa conforme segundo os estándares técnicos establecidos polo Igape.

En o de de 200...
(Sinatura do representante legal)

ANEXO III

ACTIVIDADES PREFERENTES PARA DETERMINAR
A INTENSIDADE DA AXUDA

EPIGRAFE	ROTULO
241	FABRIC. TERRAS COCIDAS: CONSTRUCCION
244	INDUSTRIAS DA PEDRA NATURAL
254	FABRIC. PRODUTOS FARMACEUTICOS
323	CONST. MAQUINAS: INDUST. TEXTIL, ETC.
324	CONST. MAQUINAS: INDUST. ALIMENT., ETC.
3252	MAQUINAS: IND. PROD. MINERAL. NO METAL
3301	MAQUINAS DE OFICINA E ORDENADORES
35	FABRIC. MAT. ELECTRON. NON ORDENADORES
3617	COMPONENTES PARA VEHICULOS AUTOMOBILES
3621	CONST. CARROZARIAS PARA AUTOMOBILES
3622	CONSTRUCCION REMOLQUES E CAIXAS ABATIBLES
363	FABRIC. REPOSTOS PARA VEHICULOS
371	CONSTRUCCION NAVAL. (EMBARCACIONS DE RECREO E DEPORTE, EXCLUSIVAMENTE)
3721	SERV. REPARACION, ETC.: BUQUES, ETC. (EMBARCACIONS DE RECREO E DEPORTE, EXCLUSIVAMENTE)
----	ACTIVIDADES INDUSTRIAIS PARA O EQUIPAMENTO DA NAUTICA DEPORTIVA
382	CONST. REPARACION, ETC.: AERONAVES
39	FABRIC. INSTRUMENT. PRECISION, OPTICA
435	FABRICACION DE XENEROS DE PUNTO
44	INDUSTRIA DO COIRO
45	INDUST. CALZADO E CONFECC. TEXTILES
46	IND. MADEIRA, CORTIZA E MOBLES MADEIRA
491	XOIERIA E BIXUTERIA
76	TELECOMUNICACIONS
845	EXPLORACION ELECTRONICA: TERCEIROS (SO DESENVOLVEMENTO DE APLICACIONS INFORMATICAS)

Determinadas actividades de transformación de producións agrícolas, gandeiras, pesqueiras e forestais, a calquera outro non recollida, poderán ser engadidas a este anexo mediante acordo do Consello de Dirección do Igape en coordinación cos departamentos sectoriais competentes por razón de materia.

ANEXO IV

REQUISITOS MÍNIMOS DE CONTIDO
DOS DIAGNÓSTICOS INTEGRAIS

1. Empresa, contorno e mercado.

1.1. Historial evolutivo da Peme; contorno socioeconómico.

1.2. Descrición do(dos) tipo(s) de negocio que desenvolve a empresa. Tamaño relativo fronte aos seus competidores.

1.2. Organigrama completo e actualizado.

1.3. Ámbito xeográfico de desenvolvemento dos seus negocios.

1.4. Análise do sector e da estrutura de clientes e provedores.

1.5. Factores de competitividade.

2. Procesos primarios e cadea de valor.

2.1. Definición e acotación de cada un dos procesos que interveñen.

2.1.1. Na(s) cadea(s) de valor da empresa.

2.1.2. Como apoio á(s) cadea(s) de valor.

2.2. Asignación de medios e recursos a cada un dos procesos identificados.

2.3. Organización dos procesos, tempos de ciclo, etc.

2.4. Análise de obsolescencia nos procesos.

2.5. Diagnóstico xeral dos procesos e dos seus protagonistas: infraestruturas, medios e recursos, tecnoloxías, xestión e organización.

3. Imaxe corporativa.

3.1. Grao de coñecemento e imaxe xerada pola empresa nos clientes e na sociedade en xeral.

3.2. Identidade corporativa e cultura empresarial compartida.

4. Análise dinámica da estrutura económico-financieira.

4.1. Análise dinámica do balance e contas de resultados. Evolución recente e situación.

4.2. Análise comparativa da súa estrutura co nivel medio das empresas do sector.

4.3. Recomendacións para asegurar o equilibrio.

5. Matriz dafo.

Definición dos puntos fortes e débiles detectados na análise interna da empresa e das ameazas e oportunidades do mercado e do contorno que foron detectados na análise externa.

6. Obxectivos estratéxicos determinados de acordo cos resultados da análise dafo.

7. Plan de acción.

7.1. Relación de accións que podería desenvolver a empresa: priorización e xustificación das prioridades en relación cos obxectivos estratéxicos.

7.2. Planificación temporizada do plan de acción: diagrama de barras e fitos fundamentais.

7.3. Definición detallada de cada acción individualizada prevista.

7.3.1. Propósito, obxectivos e impacto previsto no plan global.

- 7.3.2. Medios e recursos necesarios para desenvolver a acción.
- 7.3.3. Tolerancia temporal da execución e consecuencias.
- 7.3.4. Beneficios cuantificados previstos tras a implantación.
- 7.3.5. Estimación de custos, desagregados, necesarios para abordar a acción.
- 7.4. Análise económica-financieira consecuencia da posta en marcha do plan que se pretende abordar.

ANEXO V

REQUISITOS MÍNIMOS DE CONTIDO DOS DIAGNÓSTICOS DA CAPACIDADE DE INTERNACIONALIZACIÓN

- 1. Empresa, contorno e mercado.
 - 1.1. Historial evolutivo da Peme; contorno socioeconómico.
 - 1.2. Descrición do(dos) tipo(s) de negocio que desenvolve a empresa. Tamaño relativo fronte aos seus competidores.
 - 1.2. Organigrama completo e actualizado.
 - 1.3. Ámbito xeográfico de desenvolvemento dos seus negocios.
 - 1.4. Análise do sector nos mercados actuais.
 - 1.5. Análise do sector nos mercados a priori considerados como obxectivo: análise de produtos/prezos, en relación coa competencia e as canles de comercialización, diagnosticando a capacidade de penetración.

- 2. Procesos primarios e cadea de valor.
 - 2.1. Diagnóstico xeral dos procesos primario e de apoio para satisfacer as necesidades dos mercados obxectivo.
- 3. Análise dinámica da estrutura económico-financieira.
 - 3.1. Análise dinámica do balance e contas de resultados. Evolución recente e situación.
 - 3.2. De seren necesarias: recomendacións para asegurar o equilibrio.
- 4. Matriz dafo.

Definición dos puntos fortes e débiles detectados na análise interna da empresa e das ameazas e oportunidades do mercado e do contorno que foron detectados na análise externa.
- 5. Obxectivos estratéxicos determinados de acordo cos resultados da análise dafo.
- 6. Plan de acción.
 - 6.1. Relación de accións que podería desenvolver a empresa: priorización e xustificación das prioridades en relación cos obxectivos estratéxicos.
 - 6.2. Planificación temporizada do plan de acción: diagrama de barras e fitos fundamentais.
 - 6.3. Definición detallada de cada acción individualizada prevista.
 - 6.4. Proposta de recursos necesarios para abordar o proceso. Análise económica-financieira consecuencia da posta en marcha do plan que se pretende abordar.

**ANEXO VI
SOLICITUDE DE COBRAMENTO
AXUDAS ÁS PEMES PARA A ELABORACIÓN DE DIAGNÓSTICOS EMPRESARIAIS**

Exp.

DATOS DE IDENTIFICACIÓN			
Titular:	<input style="width: 90%;" type="text"/>	Subvención concedida (euros)	<input style="width: 90%;" type="text"/>
Enderzo:	<input style="width: 90%;" type="text"/>	Importes subvencionables aprobados (euros)	<input style="width: 90%;" type="text"/>
Data da resolución individual	<input style="width: 90%;" type="text"/>	Subvención concedida (euros)	<input style="width: 90%;" type="text"/>
NIF	<input style="width: 90%;" type="text"/>	Data de remate do prazo de vivencia	<input style="width: 90%;" type="text"/>
TELÉFONO	<input style="width: 90%;" type="text"/>		

D/Dª _____ con DNI núm. _____ actuando en nome e representación da entidade arriba indicada, titular dun expediente de axudas outorgado polas disposicións arriba mencionadas:

EXPÓN:

Que no prazo de vivencia establecido na resolución de concesión incorreu en gastos que comprenden conceptos e importes aprobados como subvencionables para o proxecto aceptado pola resolución individual por un importe de _____ euros. Estes gastos reflíctense fielmente na contabilidade da empresa.

Que para a tramitación da presente solicitude de liquidación de subvención e de acordo coas bases reguladoras destas axudas sobre o procedemento de xustificación, liquidación e pagamento, presenta a documentación requirida na resolución da axuda.

NOTA: A documentación deberáse presentar en *original* ou copia colexada.

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Que, para a actuación denominada _____ esta entidade solicitou e/ou obtivo as axudas que se relacionan a continuación:

	Organismo e ano	Importe (euros)	Disposición reguladora
Axudas concedidas	<input style="width: 90%;" type="text"/>	<input style="width: 90%;" type="text"/>	<input style="width: 90%;" type="text"/>
Axudas solicitadas	<input style="width: 90%;" type="text"/>	<input style="width: 90%;" type="text"/>	<input style="width: 90%;" type="text"/>
Axudas en réxime de mínimos	<input style="width: 90%;" type="text"/>	<input style="width: 90%;" type="text"/>	<input style="width: 90%;" type="text"/>

Que a entidade se compromete a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite ou obtieña para a mesma actuación doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data da presente declaración.

E por todo iso,

SOLICITA:

Que lle sexa aboada á empresa titular do expediente, de acordo coa xustificación achegada, o importe de _____ euros, ingresándose na conta bancaria ao seu nome aberta, segundo a certificación anexa.

En _____ de _____ de 200__
(Sinatura do representante)

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, RELACIONES INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Orde do 4 de maio de 2005 pola que se resolve convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante na Secretaría Xeral de Relacións coa Unión Europea e Cooperación Exterior.

Convocada a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante na Secretaría Xeral de Relacións coa Unión Europea e Cooperación Exterior, por Orde do 18 de marzo de 2005 (DOG nº 62, do 1 de abril), en uso das facultades e atribucións conferidas no artigo 15.4º da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, modificada pola Lei 3/1995, do 10 de abril, e de conformidade co disposto no artigo 27.2º da referida lei, esta consellería dispón resolver a citada convocatoria de acordo cos seguintes puntos:

Primeiro.-Adxudicarlle destino no posto de traballo que se indica ao funcionario que se relaciona no anexo I desta orde.

Segundo.-O cesamento no destino actual do funcionario que obtivo praza producírase no prazo de tres días, contados a partir do seguinte ao da data de publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

O prazo para a toma de posesión do novo destino será de tres días a partir do seguinte ao do cesamento de tratarse da mesma localidade onde actualmente o funcionario preste servizos, ou dun mes se radica en distinta localidade, de conformidade co establecido no artigo 14 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, e co disposto na base sétima da convocatoria.

Terceiro.-A xefatura do centro no que cause baixa o funcionario, así como daquel no que obteña praza consignará no título administrativo, dentro do prazo sinalado no punto anterior, as correspondentes dilixencias de cesamento e toma de posesión das que se lle dará traslado, mediante copia, á Dirección Xeral da Función Pública e á Inspección Xeral de Servizos.

Cuarto.-Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición ante este mesmo órgano no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ou poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo competente no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2005.

Jaime Pita Varela
Conselleiro da Presidencia, Relacións
Institucionais e Administración Pública

ANEXO I

NRP: 35.289.431.24 A2060.

Grupo: A.

Apelidos e nome: Lago García, José María.

Posto de traballo: xefe do Servizo de Prospectiva e Apoio Técnico.

Nivel: 28.

Código posto: PR.P09.00.003.15770.020.

Centro directivo: Secretaría Xeral de Relacións coa Unión Europea e Cooperación Exterior.

Localidade: Santiago de Compostela.

Resolución do 9 de maio de 2005, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se aproban e se fan públicas as relacións definitivas de admitidos e excluídos ao proceso selectivo para o ingreso no corpo superior de Administración da Xunta de Galicia (grupo A), escala superior de finanzas.

Por Resolución do 28 de marzo de 2005, da Dirección Xeral da Función Pública, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 65, do 6 de abril, apróbanse as relacións provisionais de admitidos e excluídos ao proceso selectivo para o ingreso no corpo superior de Administración da Xunta de Galicia (grupo A), escala superior de finanzas.

Transcorrido o prazo regulamentario para a presentación de emendas relativas ás citadas relacións de admitidos e excluídos, de conformidade co establecido no artigo 12 do Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e na base I.4.2. das que rexen o proceso selectivo convocado pola Orde do 28 de decembro de 2004, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 252, do 29 de decembro, esta dirección xeral,

RESOLVE:

Aprobar as listas definitivas de admitidos e excluídos ao proceso selectivo para o ingreso no corpo superior de Administración da Xunta de Galicia (grupo A), escala superior de finanzas.

A lista definitiva de aspirantes excluídos figura publicada como anexo a esta resolución.

A lista de solicitantes admitidos estará exposta nos taboleiros de anuncios da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública, nos das súas delegacións provinciais, no Servizo de Información Administrativa e Atención ao cidadán en Santiago de Compostela, no Servizo de Información dos edificios administrativos da Xunta de Galicia en Vigo e Ferrol, nas oficinas comarcais da Xunta de Galicia e tamén poderá consultarse a través da páxina web oficial da Xunta de Galicia (www.xunta.es).

Para efectos de información, o teléfono de contacto é o 902 12 00 12 das 9.00 ás 19.00 horas de luns a venres e das 9 ás 14 horas os sábados.

De conformidade co establecido na base I.3.1, os aspirantes excluídos disporán do prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, para solicitar a devolución dos dereitos de exame aboados, debendo consignar o nome, apelidos, NIF, grupo ao que se presentou e o número de conta, entidade bancaria e a localidade desta.